

Normas que rexerán a compensación horaria dos cursos da 1ª convocatoria do Plan de formación agrupado 2017

A Mesa de Formación na súa reunión do 22 de febreiro de 2017 alcanzou os seguintes acordos en relación coa asistencia aos cursos da 1ª convocatoria do Plan de formación 2017:

- Cada traballador/a poderá dispor dun “crédito horario” de 40 horas/ano para compensar a asistencia a cursos deste plan que se realicen fóra da xornada laboral e cuxa materia estea relacionada coas funcións propias do posto de traballo, sempre de acordo coas porcentaxes establecidas para cada curso e posto de traballo.

- Aqueles cursos que se realicen dentro da xornada laboral non computarán dentro deste crédito horario.

- Para os cursos que se realicen fóra da xornada laboral estableceranse porcentaxes de compensación que variarán en función da materia do curso e a súa relación con cada posto de traballo. Así, para un mesmo curso establécense distintas porcentaxes de compensación segundo o destino de cada solicitante. En todo caso nunca poderán compensarse máis de 40 horas/ano.

- Cando se establece unha compensación do 100%, as horas de asistencia ao curso compensaranse na súa totalidade pero non se imputarán ao crédito de 40 horas.

- No caso de que unha persoa non complete o 85% das horas do curso terá dereito a compensación sempre que a súa inasistencia sexa xustificada e que estas faltas xustificadas, sumadas ás horas de asistencia, supoñan un mínimo do 85% das horas lectivas.

- A compensación poderase facer nos 6 meses seguintes á finalización do curso. Haberá dúas vías:

A) O crédito horario pódese aplicar á entrada/saída, nese caso ha de respectarse o horario mínimo de permanencia.

B) Cambiando por xornada completa. Este cambio unicamente se poderá efectuar se a carga de traballo da Unidade o permite, polo que deberá negociarse previamente coa xefatura da Unidade, que, en todo caso, será a responsable da correspondente validación en e-tempo.

Na listaxe que se xunta figuran as porcentaxes de validación establecidas para

cada curso e posto de traballo. No caso de que algunha persoa considere que como consecuencia da relación existente entre a materia do curso e as tarefas correspondentes ao seu posto de traballo a porcentaxe de compensación debería ser outra, debe solicitala por escrito debidamente fundamentado e asinado pola xefatura do Servizo correspondente. O devandito escrito dirixirase á Sección de Formación. Do mesmo xeito, se desde a xefatura dalgún Servizo se considera que a porcentaxe de compensación establecida para algunha ou todas as persoas que forman parte desta non é adecuada para un determinado curso, debe argumentalo nun escrito dirixido á Sección de Formación.

O reflexo na aplicación de control horario da asistencia aos cursos do Plan de formación agrupado 2017 levarase a cabo de acordo coas seguintes indicacións:

1º- Se se trata de cursos que se realicen dentro da xornada laboral e que se impartan en dependencias provinciais, utilizarase a incidencia "A45" "Cursos deputación; os desprazamentos entre instalacións da Deputación para a súa asistencia xustificaranse mediante a incidencia "A39" "Xestión interna".

2º- Se os cursos teñen lugar dentro da xornada laboral pero en instalacións alleas á deputación, ao saír das oficinas provinciais utilizarase a incidencia "A04" "Formación".

3º- Para os cursos do plan fóra da xornada laboral usarase a incidencia "A50" "Curso plan formación", sempre que se impartan en dependencias provinciais.

4º- A asistencia a cursos do plan nos restantes casos non será obxecto de movemento ningún na aplicación de control de presenza.

Nos supostos comprendidos nos números 3º e 4º será control de presenza quen, logo de ver o informe da Sección de Formación, reflicte os tempos que deberán compensarse a cada asistente unha vez finalizado o curso.

Compensacións establecidas para os cursos presenciais que se van realizar na 1ª convocatoria do Plan de formación agrupado 2016:

NORMA XERAL

A admisión realizarase atendendo aos perfís definidos para cada curso. Establécese unha porcentaxe de compensación do 20% para todos os asistentes admitidos que desempeñen postos de traballo non incluídos na relación seguinte.

COMUNICACIÓN POSITIVA COAS NENAS E NENOS

100% para o persoal do Fogar Infantil Emilio Romay

PLATAFORMA ELECTRÓNICA INTEGRADA: VISIÓN XERAL
100% para todo o persoal

PLATAFORMA S.I.R. (SISTEMA DE INTERCAMBIO REXISTRAL)
100% para todo o persoal

PORTAL NOTIFICA.GAL E USO DO PORTAFIRMAS
100% para todo o persoal

ACCÍONS DE FOMENTO DE MERCADOS MUNICIPAIS E FEIRAS LOCAIS
Ata o 90% para o persoal de Cultura e Promoción Económica, Emprego e Turismo

A PROVINCIA DA CORUÑA COMO DESTINO DE TURISMO ORNITOLÓXICO
Ata o 90% para o persoal de Turismo.

BUSCA DE EMPREGO 2.0
Ata o 90% para o persoal de Promoción Económica e Emprego

A NOVA REGULACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SECTOR PÚBLICO
Ata o 90% para todo o persoal

ACTUACIÓN NO CASO DE ABANDONO E/OU MALTRATO ANIMAL
90% para todo o persoal

PROCEDEMENTOS TEÓRICOS E PRÁCTICOS DE RECADACIÓN NO ÁMBITO LOCAL
Ata o 90% para o persoal da área tributaria

FOTOGRAFÍA CON TELÉFONO MÓVIL
Ata o 90% para o persoal da Biblioteca Provincial

REDUCIÓN DO ESTRÉS E XESTIÓN EMOCIONAL
75% para todo o persoal